



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TORDOIA

*Acordo de aprobación definitiva da modificación das ordenanzas reguladoras dos impostos sobre bens inmobles (IBI), instalacións, construcións e obras (ICIO) e actividades económicas (IAE)*

**Acordo de Aprobación Definitiva da Modificación das Ordenanzas Reguladoras dos Impostos sobre Bens Inmobles (IBI), Instalacións, Construcións e Obras (ICIO) e Actividades Económicas (IAE)**

Publicado o 4 de febreiro de 2021 no BOP núm. 23 o acordo de aprobación inicial e texto íntegro da modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), do Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras (ICIO) e do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

Transcorrido o prazo de información pública sen que se teñan presentado reclamacións enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario e co mesmo texto íntegro publicado no BOP núm. 23, do 4 de febreiro de 2021, cumprindo así a exigencia de publicidade recollida na normativa, no obstante, vólvese a publicar a continuación por exigencia da Xunta de Galicia.

#### IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

##### Artigo 7.º.-Exencións e bonificacións.

Terán dereito a unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese municipal por concurrir circunstancias de fomento de emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego, establecéndose os seguintes tramos:

- 95 % pola creación de máis de 20 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.

Corresponderá a declaración de especial interese ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple.

Á presente bonificación resúltanlle de aplicación as seguintes normas:

a) A titularidade do dereito que, no seu caso, sexa constitutivo do feito imponible do imposto sobre o inmovible polo que se solicita a bonificación, debe corresponder as persoas físicas ou xurídicas ou as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que desenvolvan en dito inmovible a actividade económica declarada de especial interese municipal pola creación de emprego no termo municipal de Tordoia. Por tanto, deberá coincidir o suxeito pasivo do Imposto co empregador.

b) Non se entenderá que concorre o requisito de nova actividade:

- Cando a actividade económica fose realizada anteriormente por outras persoas ou entidades relacionadas no sentido do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, reguladora do Imposto sobre sociedades e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.
- Cando a actividade económica fose realizada, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que ostente unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación superior ao 50 por cen.
- Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

- Non se entenderá nova actividade cando no mesmo local para o que se solicita a bonificación se viñera desenvolvendo calquera outra actividade, polo mesmo titular, baixo outro epígrafe do Imposto sobre actividades económicas.

c) Entenderase por ampliación das instalacións, a apertura dun novo centro de traballo, sempre e cando se manteña a apertura dos centros nos que xa viña desenvolvendo habitualmente a actividade.

d) Á solicitude de bonificación o interesado deberá acompañar a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do interese social ou utilidade municipal da actividade económica.
- Alta censal da empresarial.
- Documentación acreditativa ou, no seu defecto, declaración xurada de que cumpre as condicións para a consideración de nova actividade, nos termos regulados no apartado b do presente artigo.
- Xustificación da creación de emprego: Deberá achegarse informe de vida laboral referido aos traballadores por conta allea, da empresa da cal se solicita que sexa declarada de especial interese, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

e) A bonificación da cota pola creación de emprego poderá manterse durante os tres exercicios seguintes ao da data de creación da nova actividade económica. A tal efecto, durante os primeiros quince días de cada exercicio, deberá acreditar mediante a presentación do tc2 que se mantén a creación de emprego que deu lugar o dereito de bonificación. No suposto de non presentar a documentación acreditativa, ou de non manterse as condicións que deron lugar o dereito da bonificación, incoarase expediente de reintegro.

f) A presente bonificación só resultará aplicable ao local principal onde se desenvolva a actividade. No suposto de existir varios, o suxeito pasivo poderá optar por cal deles solicita a bonificación.

## IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS (ICIO)

### Artigo 4.º.-Exencións e bonificacións

As previstas na Lei ou tratados.

1.-Establécese unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.

A porcentaxe de bonificación aplicable, no suposto en que a construción, instalación ou obra se ubique nos Polígonos de Tordoia, será:

- 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 90% pola creación de máis de 15 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 80% pola creación de ata 15 postos de traballo. no termo municipal de Tordoia.
- 70% pola creación de ata 10 novos postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 60% pola creación de ata 5 novos postos de traballo no termo municipal de Tordoia.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

Corresponderá a declaración de especial interese ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple.

Á presente bonificación resúltanlle de aplicación as seguintes normas:

- a) Non se entenderá que concorre o requisito de nova actividade:

- Cando a actividade económica fose realizada anteriormente por outras persoas ou entidades relacionadas no sentido do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, reguladora do Imposto sobre sociedades e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.
- Cando a actividade económica fose realizada, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que ostente unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación superior ao 50 por cento.
- Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Non se entenderá nova actividade cando no mesmo local para o que se solicita a bonificación se viñera desenvolvendo calquera outra actividade, polo mesmo titular, baixo outro epígrafe do Imposto sobre actividades económicas.

b) Entenderase por ampliación das instalacións, a apertura dun novo centro de traballo, sempre e cando se manteña a apertura dos centros nos que xa viña desenvolvendo habitualmente a actividade.

c) No momento de solicitude da bonificación, achegarase memoria explicativa da iniciativa económica proxectada, por menorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. A bonificación que neste momento se acorde terá carácter de provisional.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditado por este ante os servizos tributarios do Concello dentro dos primeiros quince días de cada exercicio. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

A solicitude deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licenza de obra e dentro do prazo previsto para a presentación da correspondente autoliquidación do imposto.

Presentada a solicitude en prazo, o suxeito pasivo poderá practicar autoliquidación do imposto aplicando a bonificación solicitada de forma provisional e condicionada á obtención da correspondente declaración plenaria de "interese ou utilidade municipal".

2.-Gozarán dunha bonificación do 50% da cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial. Os solicitantes achegarán, xunto coa autoliquidación do Imposto, a correspondente cédula de cualificación de protección oficial e aplicarán directamente a bonificación, sen prexuízo da comprobación administrativa posterior.

O artigo 5.º.-Base imponible que quedará redactado da seguinte maneira:

#### **Artigo 5.º.-Base imponible.**

A base imponible deste imposto estará constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación, obra ou demolición. O custo real coincide co presuposto de execución material da obra, quedando excluídos, polo tanto, os gastos xerais, o beneficio industrial e empresarial, os honorarios de redacción do proxecto, o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais. No presuposto de execución material tampouco se inclúen as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter local relacionadas coas devanditas construcións, instalación, obras ou demolicións.

1.-A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo de construción, instalación, obra ou demolición, non obstante prevalecerán os prezos publicados na Base de Datos da Construción de Galicia.

2.-A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.-O tipo de gravame aplicable será o 2%.

4.-A obriga de pagar o imposto xurde no momento de incia-la construción, instalación, obra ou demolición aínda cando non se tivese a correspondente licenza.

5.-A tarifa mínima do imposto será de 60 €.

#### **Regras para a determinación da base imponible para a aplicación do imposto sobre construcións, instalacións e obras**

1. De presentarse proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente, a base imponible será o importe total do presuposto de execución da construción, instalación, obra ou demolición especificado no proxecto.

2. No caso de que non se presente proxecto visado, ou se este resultase manifestamente infravalorado ó xuízo dos técnicos municipais, prevalecerán os prezos publicados na Base de Datos da Construción de Galicia.

## IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

### Artigo 3.º.-Bonificacións.

a) Os suxeitos pasivos terán dereito ás bonificacións previstas no art. 88.1 do TRLFL.

b) Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que realicen as súas actividades industriais, dende o inicio da súa actividade, ou por trasaldo posterior, nos Polígonos Industriais de Tordoia, disfrutará dunha bonificación do 50% sobre a cota tributaria.

c) Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan un rendemento neto da actividade inferior a 120.000 €, disfrutará dunha bonificación do 50% da cota tributaria. A presente bonificación non será de aplicación aqueles suxeitos pasivos que desenvolvan as actividades encuadradas nos epígrafes 151.1 (producción de enerxía eléctrica) ou na agrupación 81 (Banca) e agrupación 82 (Seguros) do I.A.E.

d) Terán dereito a unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95 % pola creación de máis de 20 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo no termo municipal de Tordoia.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

Corresponderá a declaración de especial interese ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple.

Á presente bonificación resúltanlle de aplicación as seguintes normas:

a) Non se entenderá que concorre o requisito de nova actividade:

- Cando a actividade económica fose realizada anteriormente por outras persoas ou entidades relacionadas no sentido do artigo 18 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, reguladora do Imposto sobre sociedades e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.
- Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Cando a alta sexa consecuencia dun cambio dun epígrafe a outro dentro das actividades clasificadas na Sección I.ª das tarifas, sexa este cambio voluntario, por imperativo legal ou para emendar unha cualificación anteriormente errónea.

b) Entenderase por ampliación das instalacións, a apertura dun novo centro de traballo, sempre e cando se manteña a apertura dos centros nos que xa viña desenvolvendo habitualmente a actividade.

As solicitudes para o recoñecemento dos beneficios fiscais de carácter rogado dirixíranse o alcalde-presidente ou o Concelleiro delegado de ser o caso, antes do 31 de marzo do exercicio para o cal se solicita a bonificación, acompañados da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos e en todo caso, da seguinte:

1. Para a bonificación regulada no art.6.2, á solicitude de bonificación, deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Documentación censal acreditativa do domicilio de desenvolvemento da actividade.

2. Para a bonificación regulada no art.6.3, á solicitude de bonificación, deberá acompañarse a seguinte documentación:

- Declaración do Imposto de sociedades correspondente ao último exercicio presentado ou, no seu caso, declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. Para a bonificación regulada no artigo 6.6, á solicitude de bonificación o interesado deberá acompañar a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do interese social ou utilidade municipal da actividade económica.

- Alta censal da empresarial.
- Documentación acreditativa ou, no seu defecto, declaración xurada de que cumpre as condicións para a consideración de nova actividade, nos termos regulados no apartado b do presente artigo.
- Xustificación da creación de emprego: Deberá achegarse informe de vida laboral referido aos traballadores por conta allea, da empresa da cal se solicita que sexa declarada de especial interés, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Tendo en conta que o imposto se devenga o día 1 de xaneiro e os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da actividade están exentos do imposto durante os dous primeiros períodos impositivos, a bonificación concedida terá efectividade para o terceiro período, exercicio en que se liquidaría por primeira vez o imposto. Dita bonificación poderá manterse por un período máximo de tres exercicios, a contar dende o primeiro ano de liquidación do imposto.

A efectos de determinar a porcentaxe que lle resulte de aplicación pola xeración de emprego, tomarase como referencia o número de postos de traballados xerados a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao que se solicita a bonificación. Igualmente, deberá acreditarse mediante a presentación do tc2 que se mantén a creación de emprego que deu lugar o dereito da bonificación, nos primeiros quince días do exercicio seguinte no que se aplicou a bonificación. No suposto de non presentar a documentación acreditativa, ou de non manterse as condicións que deron lugar o dereito da bonificación, incoarase expediente de reintegro.”

Tordoia, 26 de abril de 2021.

O alcalde

E. Antonio Pereiro Liñares

2021/3482